

INSTRUCCIÓN Nº 3/2010, DA SECRETARÍA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, SOBRE COBERTURA DAS DISTINTAS EDICIÓNS DE ACTAS DE ESTUDOS ADAPTADOS AO EEES

A Universidade de Santiago de Compostela (USC) estableceu para os estudos adaptados ao EEES que o alumnado tería unha única convocatoria anual.

Non obstante, a existencia desta única convocatoria anual non impide que para o alumnado que non supere as materias no prazo ordinario, se lle conceda unha segunda oportunidade para recuperar as cualificacións suspensas e poder superalas antes de rematar o curso.

Para poder facer efectiva esta decisión, instauráronse dúas edicións das actas:

Para clarificar aspectos relativos ás edicións, cómpre ditar a seguinte INSTRUCCIÓN SOBRE COBERTURA DAS EDICIÓNS DE ACTAS DE ESTUDOS ADAPTADOS AO EEES:

Primeiro.- Convocatoria única en estudos adaptados ao EEES e edicións da acta

Os estudos oficiais de Grao e Máster terán unha única convocatoria anual cunha única acta onde se reflectirán as cualificacións obtidas.

Esta acta única terá dúas edicións que deberán cubrirse, cada unha delas, nos períodos establecidos no calendario académico.

Segundo.- Da primeira edición da acta

A primeira edición deberá ser cuberta no período ordinario de avaliación establecido para cada cuadrimestre.

Ao alumnado que supere a materia se lle imputará a cualificación no seu expediente unha vez pechada esta primeira edición. Os alumnos e alumnas que non superen a materia conformarán o contido da segunda edición da acta.

Terceiro.- Da segunda edición da acta

A segunda edición da acta está conformada co alumnado que non superou a materia (suspensos e non presentados) co sistema ordinario de avaliación no primeiro período, e supón unha segunda oportunidade.

A segunda edición da acta deberá cubrirse nos períodos establecidos no calendario académico e reflectirá o resultado da avaliación extraordinaria (segundo período de avaliación) establecida.

A segunda edición estará conformada **inicialmente** coas cualificacións obtidas na primeira edición. Ditas cualificacións serán modificadas polo profesor/a ou coordinador/a da materia no caso de que o alumno ou alumna teña unha cualificación da materia máis alta que a obtida no primeiro período.

Dado que o segundo período de avaliación, no mes de xullo, non é unha segunda convocatoria, a segunda edición da acta debe incluír as cualificacións obtidas no segundo período de avaliación agás dúas excepcións:

- a) que o alumno ou alumna non se presente, constandingo nese caso a cualificación do primeiro período
- b) que o alumnado obteña unha cualificación inferior, caso no que deberá constar a cualificación do primeiro período de avaliación.

Polo tanto, no caso de que o profesor/a ou coordinador/a da materia non modifique as cualificacións á alza, manterase a cualificación inicial outorgada na primeira edición.

Cuarto.- Actas especiais

As actas de prácticas, traballos, fin de grao ou de fin de máster, etc., regularanse pola súa propia normativa, existindo só unha única edición da acta, pero sen dúas oportunidades.

Quinto.- Aplicación subsidiaria

No non regulamentado nesta Instrución estarase ao establecido na Instrución de Secretaría Xeral 2/2007.

Santiago de Compostela, 17/02/10

A secretaria xeral




Isabel García-Rodeja Gayoso